

# Solicitudes de admisión para ESO e bacharelato

## [2022/23]

**O prazo de presentación de solicitudes será desde o 1 ata o 21 de marzo.**

*Quen ten que presentar a solicitude de admisión? Alumnado de **centros non adscritos** ao IES N°1 do Carballiño que teña previsto continuar os estudos neste centro o vindeiro curso 2022/23.*

As solicitudes de admisión de alumnado realizaranse cubrindo manualmente un formulario ([enlace](#)) ou a través da aplicación admisionalumnado.

Para presentar a solicitude poderá:

- Entregar a documentación no centro educativo de primeira elección.
- Presentar en calquera dos lugares que establece a Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común, incluída a sede electrónica, para o que se precisará de Chave365 ou certificado dixital.

### **Calendario:**

- Solicitude de admisión dende o **1 de marzo ata o 21 de marzo 2022**
- Exposición das listas provisionais de admitidos e non admitidos: antes do **26 de abril**.
- Exposición das listas definitivas de admitidos e non admitidos: antes do **15 de maio**.
- Prazo de formalización de matrícula para ESO e Bacharelato: **do 25 de xuño ao 10 de xullo** no horario que figure na web do centro.

### **Notas de interese:**

1. O alumnado que estea matriculado no IES N°1 do Carballiño neste curso ten garantida a súa permanencia no centro para cursar ensinanzas de ESO ou bacharelato. En consecuencia, non terá que presentar ningunha documentación.
2. Cada alumna/o só pode presentar unha única solicitude no centro no que solicite praza en primeiro lugar.
3. O alumnado que ten garantía de permanencia nun centro, se presenta solicitude de admisión noutro distinto deberá comunicalo, ao mesmo tempo, ao centro de orixe.